

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA  
DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día sete de setembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Non asiste o Concelleiro D. Miguel A. Español Otero.

Asiste como Secretario funcionario do Concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Tamén está presente a concelleira Dna M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 6.482 de data 7 de setembro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS, solicitando que se lles remita debidamente cumprimentado o cuestionario adxunto para Anteproxecto de recuperación de antigos labores mineiros abandonados na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda remitilo debidamente cumprimentado.

Dase conta do escrito RE 6.468 de data 6 de setembro de 2007, presentado por DNA. NÉLIDA MARCOTE PEREIRA, con enderezo na rúa

de San Juan, nº 26 de Baiona, solicitando a baixa no posto que rexenta na praza de abastos da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado.

Lese o escrito RE 6.400 de data 5 de setembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Entrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado cado sexa posible

Lese o escrito RE 6.463 de data 6 de setembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando copias de determinados documentos do Rexistro de Entrada e Saídas do Concello.

A Xunta de Goberno Local ante o numero de demandas, acorda acceder ó solicitado en canto sexa posible.

Lese o escrito RE 6.458 de data 6 de setembro de 2007, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELEIRO DO BNG NA GUARDA, solicitando que se tomen as medidas oportunas para que se efectúe unha fixación axeitada do cableado da rúa Méndez Núñez.

A Xunta de Goberno Local acorda tomar as medidas necesarias, dando conta a empresa suminsiotradora de enerxía eléctrica

Lese o escrito RE 6.455 de data 6 de setembro de 2007, presentado por D. ANGEL ÁLVAREZ VICENTE, con enderezo na rúa de Pahiño, nº 1 da Guarda, informando da celebración da 5ª Concentración e Motos Antigas Vila da Guarda o día 16 de setembro e solicitando para elo a colaboración do Concello do seguinte xeito:

- Presenza de dúas unidades da Policía Local na zona da Alameda entre as 10 e as 12 horas.
- Vehículo de Protección Civil con dúas persoas para encabezar a caravana.
- Permiso para acotar unha zona do aparcamento no cumio do Monte Santa Tecla para as motos.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar conta á Policía Local.

Lese o escrito RE 6.310 de data 31 de agosto de 2007, presentado por TERRA GALEGA-INICIATIVA VECIÑAL, solicitando que por parte do equipo de goberno actual se retomen as xestións realizadas para a regulación e normalización do escudo municipal.

A Xunta de Goberno Local , acorda seguir coas xestións, o tempo que lle roga facilite copia da documentación que posúe.

Lese o escrito RE 6.318 de data 31 de agosto de 2007, presentado por XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA, con enderezo na rúa Conde Bugallal, s/n de Pontevedra, solicitando que se lles remita determinada documentación relativa o recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 38/2007-MS seguido contra este Concello a instancias de Dna, Mercedes Matos Costa.

A Xunta de Goberno Local acorda remitirlle a documentación solicitada.

Lese o escrito RE 6.315 de data 31 de agosto de 2007, presentado por D. JORGE BERRIDY FRANCO, con enderezo na rúa Galicia, n° 22 da Guarda, solicitando a instalación dun punto de luz a altura do número 10 da rúa Coruña para dar servizo os residentes nese lugar.

A Xunta de Goberno Local comunicalle que estase estudiando o caso, tomándose as medidas para unha pronta colocación.

Lese o escrito RE 6.390 de data 5 de setembro de 2007, presentado por D. SANTIAGO VICENTE PACHECO, con enderezo na rúa 3ª Transv. Netos, n° 1-A da Guarda, solicitando copia do expediente sancionador ó que fai referencia o decreto 612/2007.

A Xunta de Goberno Local, acorda comunicalle que pode acceder ó expediente e logo pedir as copias.

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio correspondentes ó mes de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cuotas.

*Non habendo máis asuntos a tratar o Sr. Presidente levanta a sesión ás once horas e corenta e cinco minutos do día da data do que eu, como Secretario, dou fe.*